

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Ramón Menéndez Pidal

CURSO: 3º ESO

MATERIA: Valores Éticos

DEPARTAMENTO: Filosofía

DATA: 12/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afanzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. ▪ Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. ▪ Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. ▪ Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. ▪ Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. ▪ Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. ▪ Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fundamenta racionalmente e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH. ▪ Define o concepto de "Estado de dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática. ▪ Describe o significado dos seguintes conceptos e establece a relación entre eles: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc. ▪ Identifica e aprecia os valores éticos máis salientables nos que se fundamenta a Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo. ▪ Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas. ▪ Elabora en grupo unha presentación con soporte dixital sobre a teoría iusnaturalista do dereito, o seu obxectivo e as súas características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado. ▪ Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre "physis" e "nomos", describindo a súa contribución ao convencionalismo xurídico, e elabora conclusións argumentadas arredor deste tema. ▪ Obtén e selecciona información, traballando en colaboración, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos nos ámbitos humano e ambiental, sinalando as causas. ▪ Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións. ▪ Selecciona e contrasta información, colaborando en grupo, sobre algunhas das ameazas da aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía para o contorno ambiental e para a vida (explotación descontrolada dos recursos naturais, destrución de hábitats, contaminación química e industrial, choiva ácida, cambio climático, desertificación, etc.).

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Responder a cuestións do libro de texto ▪ Comentar textos, vídeos ou imaxes sobre o tema
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Colaboración e traballo en grupo e individual; utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado; utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc). ▪ Analizar as producións dos alumnos: actividades e comentarios de vídeos, textos, imaxes... ▪ Realizar probas específicas: resolución das actividades propostas; exposición escritas ou orais.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: <ul style="list-style-type: none"> ▪ A cualificación final é a media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación (a avaliación é continua). ▪ Esta cualificación poderá verse incrementada ata 1 punto polo traballo realizado durante este 3º trimestre. Tamén permitirá a recuperación da materia.
Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realización dun traballo consistente en contestar cuestións do libro de texto ou sobre algún dos contidos tratados.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Recuperación, repaso e ampliación
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none">▪ Ler o tema no libro de texto e contestar as cuestións.▪ Realizar tarefas e actividades de repaso e reforzo e ampliación a través da aula virtual e/ou o correo electrónico▪ Visionar e comentar vídeos, textos ou imaxes▪ As dudas e aclaracións serán resoltas a través do correo electrónico
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">▪ Libro de texto, vídeos, textos.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Páxina web do centro ▪ Abalar ▪ Aula virtual ▪ Correo electrónico
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Comunicación co alumnado a través do correo e/ou teléfono</p>